



RESOLUCIÓN DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE CONVOCA PROBA DE CARÁCTER TEÓRICO-PRÁCTICO PARA A COBERTURA DUN POSTO DE GRUPO TÉCNICO DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA, MEDIANTE VÍNCULO DE SUBSTITUCIÓN DE TITULAR CON DEREITO A RESERVA DE PRAZA

De conformidade co establecido no criterio de selección II.3.5 do Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema Público de Saúde de Galicia (DOG nº 123, do 30 de xuño de 2016) em virtude das competencias atribuídas polo Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG nº204, do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, así como na Orde do 22 de abril d 2020 (DOG nº 82, do 29 de abril), de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, modificada por Orde do 5 de maio de 2020 (DOG nº 103, do 29 de maio), e por Orde do 13 de maio de 2022 (DOG nº 102, do 30 de maio), esta Xerencia

RESOLVE:

Convocar proba de carácter teórico-práctico para a cobertura dun posto de Grupo Técnico da Función Administrativa.

O proceso de selección realizarase de conformidade coas seguintes

BASES:

1. Obxecto da convocatoria:

O obxecto da presente convocatoria é a realización dunha proba de carácter teórico-práctico que garanta a idoneidade dos/as profesionais seleccionados/as para o desempeño do posto de traballo da categoría de Grupo Técnico da Función Administrativa, con contido profesional de carácter especial, derivado dos requirimentos legais da Área Sanitaria da Coruña e Cee, en relación co artigo 36.2 da



Ley 5/2014, do 4 de abril, de seguridade privada e do artigo 96.2.b) do Real Decreto 2364/1994, do 9 de decembro, polo que se aproba o regulamento de seguridade privada.

2. Funcións do posto de traballo:

A necesidade de realización da proba xustifícase na especialización do posto de traballo e a necesidade de realización das funcións seguintes:

- Responsabilidade da seguridade física e tecnolóxica dos centros da Área Sanitaria da Coruña e Cee
- Organización, dirección, inspección e administración dos servizos e recursos de seguridade privada dispoñibles
- Identificación, análise e avaliación de situacións de risco que poidan afectar á vida e integridade das persoas e ao patrimonio
- Planificación, organización e control das actuacións precisas para a implantación das medidas conducentes a previr, protexer e reducir a manifestación de riscos de calquera natureza con medios e medidas precisas, mediante a elaboración e desenvolvemento de plans de seguridade aplicables
- Control do funcionamento e mantemento dos sistemas de seguridade privada
- Validación provisional, ata a comprobación, no seu caso, por parte da Administración, das medidas de seguridade no referente á súa adecuación á normativa de seguridade privada
- Comprobación de que os sistemas de seguridade privada instalados e as empresas de seguridade privada contratadas cumpren coas esixencias de homologación dos organismos competentes
- Comunicación ás Forzas e Corpos de Seguridade competentes das circunstancias ou informacións relevantes para a seguridade cidadá, así como dos feitos presuntamente delictivos dos que teñan coñecemento no exercicio das súas funcións
- Interlocución e enlace coa Administración, especialmente coas Forzas e Corpos de Seguridade, respecto da función de seguridade integral da entidade, empresa





ou grupo empresarial que lles teña contratados, en relación co cumprimento normativo sobre xestión de todo tipo de riscos

- Comprobación dos aspectos necesarios sobre o persoal que, polo exercicio das funcións encomendadas, precise acceder a áreas ou informacións, para garantir a protección efectiva da súa entidade, empresa ou grupo empresarial
- Elaboración e implementación dos Plans de Autoprotección e de Seguridade Integral da Área Sanitaria da Coruña e Cee
- Garantía da continuidade do uso en adecuadas condicións de seguridade dos heliportos da Área Sanitaria da Coruña e Cee
- Cumprimento das condicións de seguridade esixidas en relación co deseño, construción, uso e funcionamento dos heliportos da Área Sanitaria da Coruña e Cee
- Disposición dun plan de emerxencia de protección civil, en coordinación cos plans aprobados polos órganos competentes na devandita materia
- Cumprimento dos deberes legalmente establecidos de formación do seu persoal en materia de seguridade operacional e da aviación civil

Para o desenvolvemento das tarefas anteriormente sinaladas, a persoa seleccionada deberá facer uso dos sistemas de información corporativos e aplicacións ofimáticas, así como doutras ferramentas específicas vinculadas ás funcións indicadas.

Deberá coñecer tamén as diferentes normas específicas do posto en cuestión, así como calquera sistema de acreditación empregado no ámbito da sanidade e a administración pública autonómica, con especial énfase naquelas implantadas na Área Sanitaria da Coruña e Cee:

- Lei 5/2014, do 4 de abril, de Seguridade Privada
- Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico
- Real Decreto 2364/1994, do 9 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Seguridade Privada





- Real Decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios e a súa Guía técnica de aplicación
- Real Decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais e a súa Guía técnica de aplicación
- Real Decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial
- Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación
- Normas UNE aplicables a cada caso ou calquera outra normativa sectorial, provincial ou local aplicable á seguridade dos centros, según cada caso
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión e a Instrución Técnica Baixa Tensión ITC-BT-1
- Real Decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo
- Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación e, concretamente, CTE DB SI
- Norma UNE 23035:2003. Seguridade Contra Incendios. Sinalización luminiscente
- Norma UNE 23034:1988. Seguridade Contra Incendios. Sinalización de seguridade. Vías de evacuación





- Norma UNE 23033-1:2019. Seguridade Contra Incendios. Sinalización de seguridade
- Orde INT/314/2011, do 1 de febreiro, sobre empresas de seguridade privada
- Orde INT/316/2011, do 1 de febreiro, sobre funcionamento dos sistemas de alarma no ámbito da seguridade privada
- Orde INT/317/2011, do 1 de febreiro, sobre medidas de seguridade privada

3. Aspirantes:

Terán a condición de aspirantes os/as interesados/as que figuren inscritos/as nas listaxes da categoría de Grupo Técnico da Función Administrativa, confeccionadas ao abeiro do establecido na Resolución do 13 de xuño de 2016, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se dispón a publicación do pacto suscrito pola Administración Sanitaria coas centrais sindicais CIG, CESM-O'MEGA, CC.OO., UGT e CSIF, sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema público de saúde de Galicia (DOG nº 123, do 30 de xuño de 2016).

Realizarase un primeiro chamamento que incluírá aos/ás 50 primeiros aspirantes da lista de promoción interna dispoñibles na data de publicación da presente convocatoria, sempre que teñan indicado na súa inscrición en listas como área preferente a da Coruña e Cee.

4. Notificación aos/ás aspirantes:

Dacordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a realización da proba obxecto da presente resolución será notificada aos/ás aspirantes. Para estes efectos remitirase a devandita notificación por medios electrónicos (Notifica.gal), con indicación da data e lugar de celebración da proba e hora á que son convocados/as, así como do contido da mesma.

5. Contido da proba:





A proba consistirá na realización de dous exercicios:

O primeiro exercicio consistirá nun cuestionario tipo test, no que se realizarán 30 preguntas, de contido teórico-práctico, relacionadas coas funcións a realizar. O tempo máximo de realización do exercicio será de 60 minutos.

Cada pregunta contará con catro respostas alternativas. Haberá cinco preguntas de reserva. A puntuación por cada resposta correcta será de 1 punto. Cada resposta incorrecta será penalizada con 0,25 puntos.

A cualificación do exercicio será de "apto" ou "non apto". Para ser considerados aptos/as, os/as aspirantes deberán acadar unha puntuación mínima de 15 puntos.

O segundo exercicio consistirá no deseño dun proxecto de implantación dun plan de seguridade dunha zona de risco, incluíndo unha programación ordenada dos pasos a seguir e a metodoloxía a empregar. O tempo máximo de realización do exercicio será de 90 minutos.

A cualificación do exercicio será de "apto" ou "non apto". A Comisión de Avaliación terá en conta, na súa valoración, a claridade expositiva, a selección da metodoloxía axeitada e a capacidade de establecer, dun modo ordenado, os obxectivos a acadar, interferindo minimamente na actividade asistencial.

Para superar a proba deberá acadarse a cualificación de "apto" nos dous exercicios.

Rematada a proba entregaráselles aos/ás aspirantes a plantilla coas respostas correctas do primeiro exercicio, así como unha copia da súa folla de respostas.

A relación provisional de aspirantes aptos/as e non aptos/as farase pública no prazo de cinco días hábiles seguintes ao da realización da proba, na páxina web do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Espazo do Profesional, abríndose un prazo de cinco días hábiles para a presentación, no seu caso, de impugnacións ás preguntas e reclamacións ás puntuacións acadadas.

Transcorrido o devandito prazo, e tras a análise das impugnacións e reclamacións recibidas, publicarase a relación definitiva de aspirantes aptos/as e non aptos/as,





entendéndose implicitamente admitidas ou rexeitadas as impugnacións e reclamacións presentadas, por medio da listaxe definitiva.

6. Comisión de Avaliación:

Para os efectos da cualificación da proba como apto/a ou non apto/a, constituirase unha comisión de avaliación, cuxas funcións serán:

- Fixación do contido dos exercicios a realizar
- Corrección dos exercicios realizados polas persoas aspirantes
- Publicación das listaxes de persoas aspirantes aptas e non aptas
- Resolución das impugnacións e reclamacións ás puntuacións acadadas
- Elevar á Xerencia a relación definitiva de persoas aspirantes aptas e non aptas

A composición da Comisión de Avaliación será a seguinte:

Presidente: Emilio Camino Fernández (Director de Recursos Económicos da Área Sanitaria da Coruña e Cee)

Vogáis: Marina Pereira Mota (Subdirectora de Recursos Económicos da Área Sanitaria da Coruña e Cee)

Teresa Fariña Varela (Subdirectora de Recursos Económicos da Área Sanitaria da Coruña e Cee)

Secretario: Javier Fernández Nistal (Director de Recursos Humanos da Área Sanitaria da Coruña e Cee)

7. Data, lugar e hora de celebración da proba:

A proba terá lugar na Aula 2 de Docencia do CHUAC, sita no andar 4º do Hospital Universitario da Coruña, o día 4 de xullo de 2023, ás 10:00 horas.





As persoas aspirantes serán citados/as mediante chamamento único inmediatamente antes do comezo da proba, debendo identificarse co documento nacional de identidade ou pasaporte.

8. Nomeamento:

De conformidade co disposto no pacto de selección de persoa estatutario temporal, a proba de aptitude terá unicamente a cualificación de apto/a ou non apto/a. O chamamento será realizado en favor da persoa aspirante cualificada como apta, que acredite maior puntuación nas listaxes de vinculacións temporais elaboradas ao abeiro do vixente pacto de selección de persoal estatutario temporal do Sistema Público de Saúde de Galicia.

No caso de non resultar apta ningunha persoa aspirante no primeiro chamamento, continuarase realizando novos chamamentos ata rematar a listaxe de promoción interna.

No caso de rematar a listaxe de promoción interna sen que resulte apta ningunha persoa aspirante, procederase do mesmo xeito coa listaxe de queda libre.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

Dilixencia:

Para facer constar que na mesma data da súa sinatura electrónica, procédese á publicación da presente Resolución

Asinado dixitalmente na Coruña,
Javier Fernández Nistal
Director de Recursos Humanos

Asinado dixitalmente na Coruña,

Luis Verde Remeseiro

Xerente da Área Sanitaria da
Coruña e Cee

